

## **Xerardo Méndez**

### **Vivir**

Vivir, soñar... Cal é a diferenza? El, que facía príncipes dos humildes, que foi luz e camiño, flor e vida, non é máis que a memoria dun soño. Agora que os coiotes ouvean entre as ruínas de Aketatón, agora que o látego volve estoupar nas costas dos operarios, agora que a esperanza volve ser o óbolo de Osiris, lembrar os días da luz e da beleza parece un soño extraviado na madrugada, unha esperanza perdida na madurez, un conto necio da vellez.

Estes ollos que esta secando o tempo viron o día que lle deu nome: volvía o noso señor da viaxe ao Norte, e entre os tesouros que agochaban os tules traía unha nova esposa, que el, o poeta que quixo facer homes dos escravos, alumou con xustiza: Nefertiti. A fermosa que chega.

Radiante coma o amencer, a fermosa mantívose a distancia, e o adolescente irado buscou nos recantos dos xardíns, bebeu o veneno dos poemas, e acompañou a Amenhotep nas súas visitas aos barrios dos obreiros e os escravos. O vello Amenophis III agonizaba e Sitamún ollaba cobizosa o corpo do próximo faraón. Perseguiu a seu irmán polos recantos, e o noso señor, o príncipe de Exipto, cravaba os ollos na estranxeira. O desexo é unha forza estraña. Empúxanos a destruír o que non gozamos. Sitamún acudiu a Becankos: o príncipe dos sacerdotes invocou ás tebras e aos crocodilos, e farto do aborrecemento do mozo, díxolle que era a reencarnación de Set. O príncipe despediu con noxo na ollada. Esa noite o vello faraón morreu, e Sitamún toleou.

A porta de Nefertiti abriuse pouco a pouco, pois a intelixencia aconsella non regalar aquilo que outro anxeia. Foi entón cando a embaixada dos traballadores do porto acusou ao sobriño de Becankos de apoderarse dos fondos do templo, de destinar os cartos das cerimonias fúnebres á construción da súa nova casa. E el, que percorrera o porto agardando que un milagre abriera o corazón da fermosa estranxeira, reclamou as probas, analizou o caso e condenouno a devolver cada moeda que tomara do tesouro do templo. O escriba que dirixía a embaixada foi ascendido a escriba real, e redactou o decreto que transformou os cartos para os mortos en casas para os vivos. A fermosa ría oíndo aquelas palabras, e o noso señor considerou que se abrían as portas do ceo.

A voda foi plagada de presaxios funestos en todos os templos de Osiris. Pero desde a fiestra das aparicións, o noso señor viu a alegría do pobo e sorrindo, sentiuse renacer. Farto de escoitar aos sacerdotes de Osiris, celebrou o sed, procurou un novo comezo, e dixo que ningún deus quere ser honrado con sangue, morte e sacrificios. Díxonos que nos fixeramos iguais, antes que a morte nos igualara.

Soñar... Prohibiunos axoennarnos e humillarnos diante súa. Aboliu as cerimonias e desfiles. E cos cartos que aforrou mandou facer casas para os fellahs. Repartiu terras aos probes e aos colonos, e obrigou aos ricos a pagar impostos. Prohibiu a mendicidade e a bruxería. Mandou arredar aos animais da xente nas casas, e construír retretes, e levar auga corrente a todas as casas. Fundou novas cidades. E dixo que todo era orde do único deus que existía, o único creador que non tiña forma, Atón, e que el era o seu representante.

Pero Atón daba ordes estranas. Non quería incienso, e arruinou o comercio con Oriente. Non quería que os homes tiveran máis dunha muller, nin que as mulleres tiveran máis de dous fillos. E negou o culto aos deuses da morte e da outra vida, porque a vida que temos os homes é esta.

É estraño como os deuses da morte prevalecen sobre os da vida. Licenciou ao exercito, e non escoitou as peticións de Mitanni. Perdeu as provincias do Norte. Os maridos enfurecéronse. Os comerciantes do incienso pagaron aos sacerdotes. O medo entrou na xente. Saíron ás rúas, degolaron as estatuas, prenderon aos escribas do rei, non escoitaron ao deus da vida: querían unha pasaxe certificada para outra. O rei poeta anoxouse: non comprendía. A fermosa sacou as gadoupas para encoraxalo, pero o tempo labra distancias, e ela non lle dera un herdeiro. Tomou por esposa unha das súas fillas, e só conseguiu poñer máis lume nas predicas dos sacerdotes, máis xenreira nas revoltas. Deille a copa co veneno unha tarde triste., porque como

el dixo, o reino do eterno non é deste mundo, porque el nunca foi deste mundo